

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

Exercicio 2015

90º aniversario: 1925-2015



COSITAL

Secretarios, Interventores y
Tesoreros de Administración Local

Colegio Oficial de A Coruña

**MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015****INDICE DE CONTIDOS****1. INTRODUCCIÓN.**

- 1.1. *Necesidade de aprobar unha Memoria Anual: a aplicación do principio de transparencia á actividade colexial.*
- 1.2. *Marco xurídico da Memoria Anual.*
- 1.3. *Período ao que se refire esta Memoria.*
- 1.4. *Contido da Memoria.*

2. INFORME DA PRESIDENCIA.

- 2.1. *Relacións de carácter institucional.*
 - 2.1.1. *Relacións ca Xunta de Galicia.*
 - 2.1.2. *Relacións ca EGAP.*
 - 2.1.3. *Relacións ca Deputación Provincial de A Coruña.*
 - 2.1.4. *Relacións con outros Colexios Territoriais.*
 - 2.1.5. *Relacións con Consejo General de Cosital.*
 - 2.1.6. *Outras relacións institucionais.*
- 2.2. *Actividades formativas.*
- 2.3. *Seguimento dos concursos ordinario e unitario.*
- 2.4. *Actuacións individuais de asistencia a colexiados.*
- 2.5. *Actuacións ao respecto de postos vacantes.*

3. MEMORIA DA SECRETARÍA.

- 3.1. *Variacións producidas no censo de colexiados.*
- 3.2. *Actividade desenvolta pola Xunta de Goberno.*

4. MEMORIA DA INTERVENCIÓN (informe anual da xestión económica).

- 4.1. *Gastos de persoal.*
- 4.2. *Retribucións dos membros da xunta de goberno por razón do seu cargo.*
- 4.3. *Contas anuais.*
 - *Balance 2014 (Anexo).*
 - *Conta de resultados 2014 (Anexo).*
 - *Estado de Execución do orzamento correspondente ao exercicio 2014 (Anexo).*

5. OUTROS ASPECTOS DE INTERESE COLEXIAL.

- 5.1. *Código Ético.*
- 5.2. *Novas condicións do seguro profesional.*

6. PLAN DE ACTUACIÓN PARA O EXERCICIO 2015.

- 6.1. *Aula de formación.*
- 6.2. *Cumprimento da normativa reguladora en materia de protección de datos.*
- 6.3. *Reformas na sede colexial.*
- 6.4. *Enquisa de satisfacción.*
- 6.5. *Renovación da páxina web.*

7. PUBLICIDADE DA MEMORIA.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

1. INTRODUCCIÓN.

▪ **1.1 Necesidade de aprobar unha Memoria Anual: a aplicación do principio de transparencia á actividade colexial.**

Tanto a norma estatal (Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais) como, en desenvolvemento desta, a autonómica (lei 11/2001, de 18 de setembro) someten ao principio de transparencia a xestión das organizacións colexiais. Unha das manifestacións desta suxeición, posiblemente a principal, concrétese na obrigatoriedade de elaborar e publicar anualmente unha memoria comprensiva da actividade desenvolva pola organización ao longo de cada exercicio.

Por aplicación do disposto no artigo 16.1.i) dos vixentes Estatutos do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da provincia de A Coruña (DOG Núm. 223 Xoves, 22 de novembro de 2012), así como no artigo 12.2.b) do Real Decreto 353/2011, de 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local (BOE núm. 78 de 01 de Abril de 2011), correspóndelle á Asemblea Xeral do Colexio, entre outras atribucións, a de aprobar a Memoria correspondente ao exercicio vencido, que conterá como mínimo a información que esixe para a mesma a lexislación básica e autonómica sobre colexios profesionais, ademais da liquidación dos orzamentos e as contas de ingresos e gastos.

Para dar cumprimento de todo elo elabóranse as presentes memorias anuais de Secretaría e Intervención. Por razóns de operatividade, refúndese o contido de ambas Memorias na presente MEMORIA ANUAL; pola mesma razón, inclúense neste documento as Contas anuais correspondentes a 2014, así como outras

cuestións que se consideran de interese para o mellor coñecemento da actividade colexial ao longo do ano que agora se pecha.

▪ **1.2 Marco xurídico da Memoria anual.**

As enumeradas a continuación son as principais normas de aplicación a este asunto:

NORMATIVA REGULADORA DOS COLEXIOS PROFESIONAIS
<i>Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais.</i>
http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/l2-1974.html
<i>Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da comunidade autónoma de Galicia.</i>
http://noticias.juridicas.com/base_datos/CCAA/ga-l11-2001.html
NORMATIVA REGULADORA DE COSITAL
DE CARÁCTER XERAL
<i>Real Decreto 353/2011, de 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local.</i>
http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/rd353-2011.html
REFERIDA AO COSITAL CORUÑA
<i>ORDE do 9 de novembro de 2012 pola que se aproban os estatutos do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local dá Coruña.</i>
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20121122/AnuncioC3C1-151112-0007_gl.html



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

1.3 *Período ao que se refire esta Memoria.*

O ámbito temporal da presente Memoria abrangue o segundo ano de xestión do actual equipo de goberno, que resultou escollido na Asemblea Electoral Extraordinaria celebrada en data 01.01.12, e que no referido período estivo integrada polos seguintes membros:

NOME		POSTO DE TRABALLO	CARGO DESEMPEÑADO EN COSITAL
1.	María Cruz Andrade García	Secretaria Concello de Melide	Vicepresidenta
2.	Manuel Roel Hernández-Serrano	Xefe servizo de asistencia económica a municipios da Deputación de A Coruña	Interventor
3.	Marcial Rodríguez Toajas	Interventor de Lugo	Tesoureiro
4.	Rosa Ana Prada Queipo	Secretaria do Concello de Ames	Secretaria
5.	Constantino Cobas Cotelo	Secretario Concello de Dumbria (A Coruña)	Secretario suplente
6.	Pilar Canzobre Méndez.	Interventora Concello de Narón (A Coruña)	Vogal da Xunta de Goberno
7.	José Antonio Gómez Pedreira	Secretario Concello de Touro (A Coruña)	Vogal da Xunta de Goberno

8.	Beatriz Bouza Pico.	Xefa do Servizo de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras do Concello de Ferrol.	Vogal da Xunta de Goberno
9.	Vicente Calvo del Castillo.	Tesoureiro do Concello de A Coruña.	Vogal da Xunta de Goberno
10.	Virginia Fraga Díaz.	Secretaria do Concello de Teo (A Coruña)	Vogal da Xunta de Goberno
11.	José María Vázquez Pita.	Secretario do Concello Outeiro de Rei (Lugo).	Vogal da Xunta de Goberno
12.	José Ramón Alonso Fernández	Vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.	Vogal da Xunta de Goberno
13.	José Antonio Rueda de Valenzuela	Interventor do Concello de Ames (A Coruña).	Presidente

1.4 *Contido da Memoria.*

A normativa propia do Cosital nada establece ao respecto de cal haberá de ser o contido da Memoria Anual, facéndose preciso por tanto aplicar directamente o disposto a este respecto na normativa xeral -estatal e autonómica- reguladora das organizacións colexiais. Deste xeito, o contido mínimo da Memoria resulta ser o recollido no artigo 11 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, e no artigo 10 ter da lei galega.

Parte das previsións incluídas nos preceptos aludidos resultan aplicables a organizacións colexiais concebidas para profesións con características moi distintas á nosa, e non serán por tanto abordadas nesta Memoria; trátase das seguintes:



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

- Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, no seu caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se atopen os membros das Xuntas de Goberno.
- Información estatística sobre a actividade de visado.

2. INFORME DA PRESIDENCIA.

No período considerado, a actividade do Colexio centrouse, basicamente, en tres aspectos:

1. Reunións institucionais coas Administracións Públicas competentes sobre o colectivo de Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional e co resto de Colexios Territoriais de Galicia,
2. Colaboración na execución de actividades formativas de interese para o colectivo, e
3. Xestións efectuadas en resposta á situación individual dun compañeiro.

▪ 2.1 Relacións de carácter institucional.

2.1.1. Relacións ca Xunta de Galicia.

Reunión co Director Xeral de Administración Local.

- Lugar de Celebración: Dirección Xeral.
- Data de celebración: 14/09/2014.
- Asistentes:

Por parte da Xunta de Galicia.

- Alberto Pazos Couñago (Director Xeral de Administración Local).

En representación de Cosital.

- José A. Rueda de Valenzuela.

Asuntos abordados:

1. EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS EN MARCHA.

Deuse conta da proposta formulada polo Colexio para o nomeamento de secretario e instrutor no único procedemento incoado no exercicio, así como da remisión do expediente a este, para a súa instrución.

A Dirección Xeral ofrece as súas instalacións para os traballos de instrución, poñendo a disposición os medios persoais que sexan precisos para transcribir as testemuñas das persoas ás que se tome declaración.

2. PAPEL DOS FHN NAS SUBVENCIONS.

Dende hai tempo, pero de xeito moi especial nos últimos meses, o Colexio vén percibindo a crecente inquietude dos Secretarios, Interventores e Tesoureiros ao

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

respecto do papel que nos corresponde asumir na tramitación das achegas solicitadas polos Concellos en que prestamos servizos.

Así, e tanto nas fases de solicitude como de xustificación, as subvencións que convocan as distintas administracións adoitan requirir dos funcionarios con habilitación de carácter nacional (FHCN) trámites como a emisión de informes ou a constatación de feitos -por citar só dous exemplos- que escapen non xa ás funcións que a lei nos reserva, senón ao coñecemento que desde a actitude máis voluntarista podamos ter sobre actividade desenvolta polo Concello. Noutras ocasións, en cambio, sucede exactamente é o contrario, ao esixirse a incorporación ao expediente dun gran volume de documentación que podería verse substituída por un simple certificado expedido por un FHCN, en exercicio dunha das competencias máis elementais que desde sempre formaron parte das tarefas que a lei nos encomenda.

O Cosital de A Coruña plantexou ao Director Xeral que este tipo de requirimentos, presentes tamén con frecuencia en convocatorias promovidas pola administración do Estado, ben puideran responder a unha incorrecta interpretación das nosas funcións. O Colexio considera igualmente que, en contra do que puidera parecer, o feito de sermos encomendados este tipo de trámites non engade valor algún ao procedemento, xerando en cambio, como se dixo, unha profunda inquietude no colectivo, que teme incorrer en afirmacións que puideran comprometer non só a seguridade xurídica do expediente, senón a propia responsabilidade do funcionario actuante.

Por elo, expúxose que o Colexio considera convinte mudar o xeito en que veñen sendo articulados determinados aspectos das convocatorias de subvencións promovidas pola administración autonómica, e que nos atinxen dun modo moi

directo. Do noso plantexamento, esperamos unha notable mellora na calidade dos expedientes subvencionadores.

En base ao exposto, e por medio da presente, solicitouse unha reunión co Conselleiro e co resto de Cosital de Galicia na que poder desenvolver esta cuestión. En tanto esta non teña lugar, solicitouse que, na medida en que elo resulte posible, e tendo en conta o carácter transversal das competencias asignadas a esa Dirección Xeral, se deran as instrucións que estimasen pertinentes para que os catro Cositales de Galicia poidan ter acceso ás bases reguladoras das achegas convocadas polas distintas Consellerías -e que teñan como destinatarias ás Corporación Locais- antes de que estas sexan informadas pola asesoría xurídica correspondente. O fin deste trámite, que non se considera preciso prolongar máis aló de tres días hábiles, é advertir acerca dos aspectos que puideran representar problemas de orde práctica, para os que en todo caso sería plantexada unha solución que se considere xuridicamente equivalente.

3. CONVENIO COSITAL 2015.

Ao longo da reunión procedeuse á sinatura do Convenio anual ao que se refire a última parte deste apartado da Memoria.

4. PUBLICITACIÓN DAS NECESIDADES DE PROVISIÓN MEDIANTE COMISIÓNS DE SERVIZOS E ACUMULACIÓNS.

A partir da reunión, o Director Xeral comprometeuse que todas as comisións de servizo solicitadas por unha entidade local serían previamente anunciadas,

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

ademais de a través de Eido Local (con cinco días de antelación), a través dun mail remitido aos catro cositales, para a súa difusión entre os colexiados.

5. MOVILIDADE DE FHN CARA A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS.

O director xeral expuxo a opinión dese centro directivo acerca da súa participación nas comisións de servizo concedidas a habilitados nacionais para ocuparen postos non reservados.

Reunión co Conselleiro de Xustiza.

- *Lugar de Celebración: Vicepresidencia.*
- *Data de celebración: 24/09/2014.*
- *Asistentes:*

Por parte da Xunta de Galicia.

- *Conselleiro de Presidencia.*
- *Director Xeral*
- *Subdirectora Xeral de réxime xurídico FHCN.*

En representación de Cosital.

- *Por Cosital A Coruña: José A. Rueda de Valenzuela.*
- *Por Cosital Pontevedra: José Carlos Castiñeira Piñeiro.*
- *Por Cosital Ourense: José María Baños.*
- *Cosital Lugo non asistiu á reunión.*

Asuntos abordados:

1.- ESTADO DE TRAMITACIÓN DECRETO HABILITADOS - NECESIDADE OU OPORTUNIDADE DE APROBALO INDEPENDENTEMENTE DO ESTATAL.

A Xunta consulta acerca da conveniencia de aprobar xa o novo decreto autonómico en materia de FHCN, ou ben esperar ate a aprobación do Regulamento Estatal.

Advertímoslle da reunión da sesión da JRA prevista para o día seguinte en Madrid (á que asistiu o Cosital Coruña en representación de Galicia) onde estaba previsto abordar o asunto. Considerouse por elo convinte esperar á aprobación da norma estatal, que por aquel entón parecía inminente.

Subliñouse non obstante a existencia unha urxencia: as reserva das funcións de tesourería, que debería implicar cando menos a revogación das autorizacións concedidas para o desempeño excepcional por un funcionario da corporación en entidades locais con secretaría de clase superior.

2.- EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS HABILITADOS NACIONAIS: INSTRUTORES E SECRETARIOS DOS COLEXIOS (POSTURAS DOS CATRO COLEXIOS) – POSIBILIDADE DE MODIFICAR O SISTEMA NA LALGA. * PARTICIPACIÓN DOS COLEXIOS NA FASE PREVIA DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS.

A Xunta informou de que Cosital Lugo ten manifestado a súa intención de non tomar parte nestes procedementos. Os Colexios presentes na reunión afirman estar interesados no mantemento deste sistema, contra o que semellan existir queixas de varios alcaldes (ate o punto de que esta cuestión chegou a suscitar unha pregunta parlamentaria).

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

3.- CERTIFICACIÓNS E INFORMES SOLICITADOS AOS HABILITADOS POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA NAS DISTINTAS ORDES DE SUBVENCIÓNS.

Os representantes dos tres cosital expuxemos a nosa preocupación en relación a este asunto, posta de relieve dun xeito moi especial con ocasión das últimas convocatorias do FEADER, en que se solicitaba dos secretarios a sinatura dun acta de non inicio das obras financiadas con cargo ao mesmo, como antes se indicou.

Cosital Pontevedra aportou unha proposta de circular para as distintas Concellarías en relación a este asunto. Deuse conta do escrito presentado por Cosital Coruña.

4.- NOMEAMENTOS INTERINOS – PROBLEMÁTICA EXISTENTE PARA A COBERTURA DAS VACANTES.

A Xunta informa da existencia de afirma de varios nomeamento de este tipo, e da máis que probable aparición de máis nun futuro inmediato. Cosital Pontevedra advirte da necesidade de evitalos, xa que na pasada década, a ao abeiro do EBEP, foi convocado cando menos un concurso-oposición que facilitou o acceso á escala de quen houbera exercido previamente funcións reservadas con carácter interino.

A Xunta afirma que pretende que a selección deste tipo de funcionarios se produza por parte da Comunidade Autónoma, mediante unhas bases previamente consensuadas cos Cosital.

5.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO BORRADOR DO REAL DECRETO ESTATAL.

Por parte da Xunta deuse contas das mesmas.

6.- SITUACIÓN ACTUAL DAS TESOURERÍAS ANTE A MODIFICACIÓN DA NORMATIVA E POSTURA A ADOPTAR POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

En relación a este punto, informouse que desde o Consejo General estase a promover que por parte das CCAA se creen agrupacións de tesourerías, cando menos para Concellos de menos de 5.000 habitantes, evitando así que teñan que ser os secretarios interventores os que asuman as funcións.

Solicítase a revogación das exencións de categoría superior (tres en A Coruña tras a renuncia de Narón: Riveira, Boiro e Betanzos), e a creación dos postos, cando menos, en todas aquelas entidades de máis de 10.000 habitantes que amosasen un interese en tal sentido (varias no caso de Pontevedra, segundo informou o seu Presidente).

A Xunta amosou a súa preocupación polo feito de que a creación das tesourerías puidera derivar en que outros postos puideran quedar desatendidos, agravando a necesidade de recorrer a nomeamentos interinos para a súa provisión. Non obstante, comprometeuse a estudar o asunto, con especial premura no caso dos Concellos de categoría superior.

7.- PUBLICIDADE DAS COMISIÓNS DE SERVIZOS

Os Cosital manifestan o seu malestar polo xeito en que están a ser publicitadas as comisións de servizo.

Cosital Coruña expón que, no da intervención de Ferrol, e por vez primeira, solicitouse dos catro Cosital a previa difusión da necesidade de proveer a praza, a fin de garantir o dereito dalgún interesado con preferencia legal no nomeamento.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

Desde Cosital Coruña valorouse positivamente esta proposta, se ben constátase que non está a ser respectada en todas as ocasións.

Constátase igualmente que eido Local ten deixado de ser unha ferramenta fiable.

Consensúase un sistema, en virtude do cal as novas vacantes que sexa preciso atender mediante comisión de servizos (non as renovacións) ou acumulacións serán publicitadas por un prazo mínimo de tres días en Eido Local, así como a través dos Colexios,.

- Convenio subvencionador ca Xunta de Galicia.

Ate o exercicio 2013, o Cosital de A Coruña veu asinando ca Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza un convenio mediante o cal se articulaba unha aportación anual de 15.000 €, que representaba unha das principais fontes de financiamento do Colexio. En contraprestación, o Cosital redactou varios estudos sobre diversos asuntos de interese local, de acordo co indicado en cada caso no convenio.

No exercicio 2014, e por vez primeira, a relación derivada do Convenio pasou a revestir un carácter subvencionador puro, e a ter como destinatarios aos catro Cosital de Galicia, cos que a Consellería asina o correspondente convenio subvencionador, que no caso de A Coruña responde ao seguinte resumo:

TOTAL GASTOS FINANCIAR (PERSOAL)	12.416,67€
Aportación concedida	8.017,90€

Coeficiente de financiamento	de	64,57 %
------------------------------	----	---------

2.1.2. Relacións ca Deputación Provincial de A Coruña.

- Convenio marco.

O 5 de setembro de 2014 foi asinado o Convenio Marco da Deputación Provincial. De acordo co previsto no mesmo ao respecto do ámbito da formación, o Colexio puxo a disposición da Deputación as instalacións da sede colexial.

Deste xeito, as instalacións foron ocupadas co fin de impartir formación das novas aplicacións contable e de xestión de nóminas, postas a disposición dos Concellos de A Coruña polo ente provincial. Cada día de ocupación das instalacións reportou ao Colexio unha contía de 134,56 € (ive incluído), co que o importe percibido no 2015 ascendeu a un total de 3.225,06 €, ao que habería que engadir o IVE correspondente.

Recentemente, vense de recibir unha nova solicitude de oferta da Deputación provincial, similar ás anteriores, para ofrecer formación na ferramenta de xestión do padrón municipal de habitantes ao longo do exercicio 2016.

2.1.5. *Relacións co Consejo General de Cosital*

▪ Asistencia á Asemblea Xeral Ordinaria de Madrid.

O Colexio estivo representado por dous membros¹ na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada en Madrid o 14.03.15, que contou cas seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da Acta da Asemblea Xeral celebrada con data 29 de marzo de 2014.
2. Declaración sobre o desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico dos SITAL.
3. Declaración sobre o desenvolvemento regulamentario relativo ao réxime xurídico da función de control interno da xestión económico-financeira das Entidades Locais reservada aos SITAL.
4. Aprobación da Memoria Anual do conxunto da organización colexial.
5. Aprobación das contas anuais e liquidación do orzamento pechados a 31 de decembro de 2014.
6. Aprobación do proxecto de Orzamento do Consejo General para o exercicio 2015.
7. Convocatorias de Procesos selectivos.
8. Proposta en relación aos órganos dependentes do Consejo General.
9. Compromisos da Organización Colexial.
10. Informacións da Presidencia e da Comisión Executiva.
11. Rogos e preguntas.

▪ Xunta de representación autonómica.

O artigo 30 dos Estatutos Xerais de Cosital establecen que a Xunta de Representación Autonómica é presidida polo Presidente do Consejo General, estando integrada por todos os Presidentes dos Consellos Autonómicos.

Ao non estar constituído o Consello Autonómico de Galicia, foi preciso facer uso da previsión contida na Disposición transitoria quinta do Real Decreto 353/2011, de 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local, respecto diso das designacións provisionais na Xunta:

“1. Naquelas comunidades autónomas en que os Consellos Autonómicos aínda non se constituíron, os Colexios Territoriais existentes nas mesmas acordarán de forma conxunta a designación dunha representación provisional para a Xunta de Representación Autonómica do Consejo General, nomeamento que haberá de recaer en quen ostente algunha das Presidencias dos Colexios Territoriais que formen parte da Asemblea do Consello.

Poderán conservar a súa vixencia aquelas designacións existentes á entrada en vigor dos presentes Estatutos xerais que formen parte da Asemblea do Consello.

2. No caso das comunidades autónomas uniprovinciais dita representación recaerá en quen exerza a Presidencia do Colexio Territorial respectivo”.

¹ Vicente Calvo del Castillo e José Antonio Rueda de Valenzuela; os demais membros, delegaron a súa representación na Asemblea.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

Así, e segundo acordo adoptado no ano 2013, a representación dos Cosital de Galicia corresponderá de xeito sucesivo a cada un dos Presidentes.

A Xunta de Representación Autonómica celebrou cinco sesións ao longo do 2014: O 13 de febreiro, o 17 de abril, o 8 de maio, o 25 de setembro e o 11 de decembro, nas que a representación de Galicia correspondeu, respectivamente, aos Cosital de Lugo, Pontevedra, Ourense e A Coruña e novamente Lugo.

Todas as sesións tiveron lugar na sede do Consejo General, na rúa Carretas nº 14. Os asuntos incluídos na orde do día foron os seguintes:

13.02.15.-:

1. Aprobación da acta da sesión anterior, celebrada con data 25.07.14.
2. Desenvolvemento do réxime xurídico SITAL. Alegacións en trámite de información pública ao borrador de real decreto polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.
3. Proxecto de modificación da lei do rexistro civil. Novo modelo organizativo e de levanza do rexistro civil. Instrución de expedientes de matrimonio civil.

17.04.15.- Ca seguinte orde do día:

4. Aprobación da acta da sesión anterior, celebrada con data 13.02.15.
5. Alegacións en trámite de información pública ao borrador de proxecto de Real decreto, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

6. Desenvolvemento do Réxime xurídico SITAL. Borrador de Real Decreto polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.
7. Proxecto de modificación da Lei de Rexistro Civil. Novo modelo organizativo e de levanza do Rexistro Civil. Instrución de expedientes de matrimonio civil.

08.05.15.- Ca seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior, celebrada con data.
2. Borrador do Anteproxecto da Lei de Contratos do Sector Público.
3. Desenvolvemento do Réxime xurídico SITAL. Borrador de Real Decreto polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional

11.12.15.- Ca seguinte orde do día:

4. Aprobación da acta da sesión anterior, celebrada con data
 5. 2 estado de tramitación do anteproxecto de real decreto polo que se regula o réxime xurídico dos fhn.
 6. Proxecto de real decreto, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.
 7. Exercicio da función de tesouraría unha vez atribuída tamén á subescala de secretaria-intervención mediante real decreto-lei 10/2015 de 11 de setembro
 8. Oferta de emprego e convocatoria de probas selectivas.
- Débeda do Cosital Coruña co Consejo General.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

Tras o esforzo efectuado ao longo dos últimos anos, e de acordo ca previsión barallada no pasado ano, o Cosital de A Coruña foi quen de cancelar no exercicio 2015 a débeda histórica co Consejo General, ao abonar a última cota atrasada (correspondente ao exercicio 2014, por un importe de 5.506,20 €), xunto ca propia do exercicio 2015, dun importe de 5.506,20 €, e que será cancelada antes do remate do presente ano.

A cancelación desta débeda representa un notable alivio para o Colexio, que a partir do vindeiro ano deberá asumir unicamente unha cota por exercicio.

2.1.6. Outras relacións institucionais.

FEGAMP.- O Colexio está a participar na comisión redactora dun borrador de ordenanza para que os Concellos se adapten á nova Lei de Telecomunicacións.

▪ **2.2 Actividades formativas.**

O Cosital de A Coruña, en colaboración ca Deputación Provincial de A Coruña, e ca editorial xurídica EsPublico, participou na celebración dunha Xornada sobre o Principio de Prudencia Financeira, que se celebrou na Deputación o día 28 de abril, de acordo co seguinte programa:

10:00

Principio de prudencia Financeira:

1. Principios Xerais:

- a. Operacións de endebedamento.

- b. Operacións de derivados financeiros.
- c. Modificacións, límites e prohibicións.

2. Operacións a curto e a longo.

Cálculo da Vida Media:

- a. Sistema de amortización constante e Sistema de amortización francés.
- b. Anexo I: Interpolación
- c. Anexo II: Asesoramento externo
- d. Simulador

3. Custo Máximo de Financiamento

4. Reflexións sobre as posibilidades de reestruturación da débeda.

12:00 Coffe break

12:30 Reflexión xeral sobre os últimos cambios: Novas ferramentas de xestión para os equipos económicos das grandes Corporacións Locais.

▪ **2.3 Seguimento dos concursos ordinario e unitario.**

- Concurso ordinario 2015.

Intervención do Concello de Narón.- A solicitude do propio Concello, o Cosital de A Coruña emitiu informe acerca das bases específicas para a provisión da intervención do Concello. Todas as suxestións efectuadas polo Colexio foron acollidas polo Pleno do Concello.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

▪ Concurso unitario 2015.

O Colexio dirixiu escrito á Dirección General de Función Pública, solicitando información ao respecto da situación en que se atopan os funcionarios que soliciten os postos de tesourería incluídos por vez primeira no concurso pero que os Concellos (Boiro e Betanzos), que veñen desfrutando de dispensa, non teñen creado aínda.

O Colexio dirixiu escrito aos Concellos de Boiro e Betanzos, recordando as súas obrigas en relación a estes postos.

▪ **2.4 Actuacións individuais de asistencia a colexiados.**

Ao longo do exercicio foron atendidas diversos asuntos plantexadas por numerosos compañeiros de xeito individual, tanto a través da sede colexial, como mediante consulta directa á Presidencia, por medio de correo electrónico ou por vía telefónica, empregando para elo a liña móbil de que dispón ao Colexio a tal efecto.

As cuestións suscitadas responden a aspectos moi diversos, que poden agruparse en torno as seguintes categorías:

- Actuacións relacionadas con procedementos disciplinarios.
- Actuacións relacionadas cos concursos de provisión.
- Incidencias derivadas da tramitación de expedientes ante outras administracións.

- Dificultades para o normal exercicio de funcións reservadas.

▪ **2.5 Actuacións ao respecto dos postos vacantes.**

A solicitude tanto dos respectivos Alcaldes como da Dirección Xeral de Administración local, difundíuse entre os colexiados a necesidade de cubrir os seguintes postos reservados:

1. Secretaría y Vicesecretaría do Concello de Lugo.
2. Intervención do Concello de Celanova.
3. Intervención do Concello de Vimianzo.
4. Intervención do Concello de O Rosal.
5. Intervención do Concello de Salceda de Caselas.
6. Secretaría-Intervención Borborás.
7. Secretaría Concello de A Pobra do Caramiñal
8. Secretaría Concello de Cabana de Bergantiños.
9. Secretaría Concello de Vila de Cruces
10. Intervención Concello de Ferrol
11. Cobertura durante as vacacións das prazas reservadas do Concello Cee
12. Intervención do Concello de Xinzo Limia
13. Intervención do Concello de Mugardos.
14. Secretaría do Concello de A Cañiza.
15. Secretaría do Concello de Mos.
16. Secretaría Intervención do Concello de Lousame.
17. vacante provisional intervención de Camariñas.
18. Secretaría-intervención Concello de Amoeiro.
19. Intervención de Ortigueira.
20. Secretaría Concello de Coristanco.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

21. Secretaría-intervención Concello de Toques.
22. Intervención Concello de Sarria.
23. Secretaría-intervención Concello de Santiso.
24. Intervención de Concello de Muros.
25. Intervención Concello de Cariño.
26. Secretaría Concello de Rianxo.
27. Intervención de Concello de Muros
28. Secretaría-intervención Concello de Laxe
29. Intervención Concello de Coristanco
30. Intervención de Concello de Santa Comba
31. Vicesecretaría do Concello de Lugo
32. Intervención do Concello de Pontedeume

Nº colexiados a 31/12/2014	207
Nº colexiados a 31/12/2013	207
Nº colexiados a 31/12/2012	206
Nº colexiados a 31/12/2011	237
Nº colexiados a 31/12/2010	228

4.1 Actividade desenvolta pola Xunta de Goberno.

- Sesións ordinarias.

O artigo 26 dos Estatutos do Colexio establece que a Xunta de Goberno celebrará sesión ordinaria cada dous meses. En cumprimento desta previsión, a Xunta Ordinaria celebrada no mes de abril do 2013 acordou que as sesións ordinarias deste órgano tiveran lugar dentro das súas primeiras semanas dos meses pares.

En execución do anterior, as sesións celebradas pola Xunta de Goberno no ano 2015 tiveron lugar nas seguintes datas:

- 25.03.15
- 30.06.15
- 03.11.15.
- 12.12.15.

Todas as sesións ordinarias foron celebradas na sede do Colexio, a excepción da correspondente ao 12.12.15, que tivo lugar no Hostal dos Reis Católicos, en Santiago de Compostela.

- Sesións extraordinarias.

3. MEMORIA DA SECRETARÍA.

3.1 Variacións producidas no censo de colexiados.

4 Colexiados a 31 de decembro de 2014	207
Baixas no exercicio 2015	3
Altas no exercicio 2015.	5
Colexiados á data de convocatoria da Asemblea Xeral	205

Con carácter informativo, reproducése a continuación cal foi o número de colexiados ao remate dos últimos exercicios:

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

Non se celebrou ao longo do 2015 ningunha sesión destas características.

As actas das sesións están a disposición de todos os colexiados. Sen prexuízo disto, tan pronto como resulte posible, serán publicadas na zona privada da nova páxina web do colexio.

4. MEMORIA DA INTERVENCIÓN (Informe anual da xestión económica)

4.1 Gastos de persoal.

O Colexio conta cunha empregada, ca que mantén unha relación laboral de carácter indefinido e a media xornada.

En aplicación do disposto no artigo 31 do Convenio Colectivo de Oficinas e Despachos da Provincia de A Coruña², a categoría da traballadora é a de oficial primeira, correspondéndolle un nivel profesional de 06.

O custe derivado desta contratación figura reflectido nas contas anuais, sendo o seu detalle o seguinte:

MES	SOLDO	ANTIGÜIDADE	TOTAL NÓMINA	SEGURIDAD SOCIAL EMPRESA	CUSTE TOTAL ³
Enero	642,74	128,55	771,29 €	278,05	1.049,34 €
Febrero	642,74	128,55	771,29 €	278,05	1.049,34 €
Marzo	642,74	128,55	771,29 €	278,05	1.049,34 €
Abril	642,74	128,55	771,29 €	278,05	1.049,34 €
Mayo	642,74	128,55	771,29 €	278,05	1.049,34 €
Junio	642,74	128,55	771,29 €	278,05	1.049,34 €
Julio	1285,48	257,1	1.542,58 €	278,05	1.820,63 €
Agosto	642,74	128,55	771,29 €	278,05	1.049,34 €
Septiembre	642,74	128,55	771,29 €	278,05	1.049,34 €
Octubre	642,74	128,55	771,29 €	278,05	1.049,34 €
Noviembre	642,74	128,55	771,29 €	278,05	1.049,34 €
Diciembre	1285,48	257,1	1.542,58 €	278,05	1.820,63 €
	8.998,36 €	1.799,70 €	10.798,06 €	3.336,60 €	14.134,66 €

4.2 Retribucións dos membros da xunta de goberno por razón do seu cargo.

² <http://www.boristenes.com/noticias/wp-content/uploads/2014/02/15001075-2012-2014-CC-Oficinas-y-Despachos.pdf>

³ Ao anterior habería que engadir as gratificacións abonadas pola asistencia a accións formativas fóra da xornada ordinaria de traballo, a razón de 30 €/diarios.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

Os membros da Xunta de Goberno non perciben retribución algunha polo exercicio do seu cargo.

Sen prexuízo disto, ao longo do exercicio foron recoñecidas indemnizacións por razón de servizo a favor tanto dos membros da Xunta de Goberno como da Asemblea do Consejo General, derivadas dos desprazamentos efectuados a consecuencia da celebración de sesións por parte daqueles órganos.

O abono destas indemnizacións suxeitouse ao disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, a excepción do que se refire ao importe da indemnización por uso de vehículo particular, que ascende a 0,35 €/km, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno en data 28/09/96. Para o cálculo dos importes a abonar considerouse en cada caso a distancia existente entre o lugar de celebración da sesión e o de residencia do perceptor.

No caso da Xunta de Goberno, as indemnizacións refírense unicamente ao uso do vehículo particular.

As contías percibidas por cada membro da Xunta de Goberno ao longo do exercicio 2015 foron as seguintes⁴:

NOMBRE	LOCALIDAD	SESIÓNS	ASIST.	KM 0,19	KM 0,16	Total	IRPF 15%*	TOTAL
Alonso Fernández	SANTIAGO	3	0					
Andrade García	ARZUA	3	3	€ 84,36	€ 71,04	155,40	10,66	144,74
Bouza Pico	A CORUÑA	3	2					
Calvo del Castillo	A CORUÑA	3	1					
Canzobre Méndez	A CORUÑA	3	2					
Cobas Cotelo	CARBALLO	3	3	€ 44,46	€ 37,44	81,90 €	5,62 €	76,28€
Fraga Díaz	TEO	3	1	€ 33,06	€ 27,84	60,90 €	4,17 €	56,72 €
Gómez Pedreira	SANTIAGO	3	3	€ 79,80	€ 67,20	147 €	10,08 €	€
Prada Queipo	SANTIAGO	3						
Rodríguez Toajas	LUGO/ A CORUÑA	3	2	€ 37,24	€ 31,36	68,60 €	4,70 €	63,89 €
Roel Hernández-Serraño	A CORUÑA	3						
Rueda de Valenzuela	PONTEVEDR A	3	3	€ 153,9	€ 129,60	283,50	19,44 €	€

- As localidades de referencia son as de residencia de cada un dos vogais.

⁴ Notas ao cadro de indemnizacións:

- Sesións ordinarias celebradas ate o 30/09/2014.
- Importes brutos.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

Vázquez Pita	A CORUÑA	3					
Totales			797,30 €	54,67 €	749,62 €		

4.3 Contas anuais.

Exercicio corrente: orzamento 2015.

O orzamento para o exercicio 2015 foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 13 de decembro de 2015, ascendendo a un total de 34.300,68 €, segundo detalle que se reproduce en anexo a este documento.

Exercicios pechados: Balance 2014.

De acordo co previsto no artigo 25 dos Estatutos Colexiais, corresponde á Xunta de Goberno aprobar o orzamento xeral, e render ante a Asemblea Xeral as contas anuais.

En aplicación dese precepto, o Balance do exercicio 2014 foi sometido á Xunta de Goberno ordinaria celebrada en data 25.03.2015, rendéndose á Asemblea mediante a súa incorporación a esta Memoria.

Exercicios pechados: Conta de resultados 2014.

En aplicación do previsto no artigo 25 dos Estatutos, a Conta de Resultados do exercicio 2014 foi sometida á Xunta de Goberno ordinaria celebrada en data 25.03.2015, rendéndose á Asemblea mediante a súa incorporación a esta Memoria.

Exercicios pechados: Estado de Execución do Orzamento correspondente ao exercicio 2014.

Xúntase como anexo a esta Memoria un estado que amosa o grao de execución do orzamento correspondente ao exercicio que agora se rende, dando cumprimento así aos Estatutos, e a fin de facilitar a comprensión do Balance e da Conta de Resultados.

5. OUTRAS CUESTIÓN DE INTERESE.

5.1 Código Ético.

O artigo 10 ter e) de lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Memoria Anual incluírá o contido dos seus códigos de conduta en caso de dispor dos mesmos.

O Código ético de Cosital foi aprobado na VI Asemblea SITAL, celebrada en Salamanca o 12-14 de maio de 2005.

O seu texto pode ser consultado no seguinte enlace:

http://www.cosital.es/attachments/174_Codigo%20Etico%20Cosital.pdf

5.2 Novas condicións do seguro profesional.

Ao longo do exercicio 2015 estivo vixente a póliza para a cobertura de riscos profesionais formalizada ca aseguradora AIG Europe Limited a través da intermediación de PAZ & SAN MARTIN Y ASOCIADOS Correduría de Seguros, S.A.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

Nos últimos anos, as primas foron experimentando unha continua diminución, até situar o seu importe en 100 € e 140 €, niveis ambos os que con toda probabilidade sexan os mínimos posibles para o nivel de coberturas ofrecido.

Nesta ocasión, e a consecuencia da maior sinistralidade rexistrada ao longo do último ano na nosa comunidade autónoma, as primas pasarán a ser de 140 € na opción básica, e 180 €, na máis completa. Trátase dun incremento sensible en termos porcentuais, pero de alcance limitado se consideramos o importe da subida. En todo caso, e a fin de fundamentar este cambio, solicitar á compañía mediadora a emisión dun informe que detalle as xestións desenvolvidas na procura a mellor oferta dispoñible para o Colexio.

Polo demais, o seguro mantén o conxunto das prestacións gozadas até agora, que tras as melloras introducidas con ocasión das últimas renovacións (indemnización en caso de suspensión ou libre elección de avogado, entre outras) situaban xa a cobertura nun nivel dificilmente mellorable.

5.3 Novo seguro xurídico integral.

Á vista das consultas recibidas no Colexio ao longo destes anos, parece existir certa confusión achega do alcance da cobertura xurídica proporcionada pola actual póliza de responsabilidade civil.

Parece claro que o interese de calquera de nós á hora de contratar un seguro é minimizar o risco derivado das moi variadas continxencias na que podemos vernos involucrados no exercicio da profesión. Pois ben: en contra dos que puidese chegar a parecer, a póliza de responsabilidade civil só nos cubrirá cando a situación en que nos atopemos poida derivar na obrigaçión de facer fronte ao pago dunha

indemnización, deixando á marxe, por exemplo, cuestións tan habituais como a necesidade recorrer a un avogado cando somos obxecto dun procedemento disciplinario, ou mesmo no non menos habitual suposto dunha investigación penal que nos afecte, ou mesmo dunha imputación.

Para suplir esta carencia, encomendamos á nosa mediadora a procura dunha póliza de cobertura xurídica integral, unha práctica estendida noutros colexios profesionais pero moi pouco habitual no noso colectivo, e que consideramos extraordinariamente necesaria.

Así, recibimos unha dúas propostas, unha que contempla as garantías de defensa penal e a extensión da responsabilidade civil, e outra que inclúe, ademais das anteriores, a defensa laboral, a ampliación desta á vía contencioso-administrativa, e un subsidio por suspensión temporal de emprego e soldo (que viría, no seu caso, a sumarse ao contemplado no seguro de responsabilidade civil). O importe das primas é de 38,69 €/ano para a modalidade básica, e de 75,5 €, no suposto máis completo.

O Colexio optou finalmente pola opción máis completa das dúas ofertadas.

6. PLAN DE ACTUACIÓN COLEXIAL PARA O EXERCICIO 2015.

Como sucedera por vez primeira o pasado ano, a Memoria incorpora unha relación de propósitos para o vindeiro exercicio, que serán obxecto de seguimento e análise con ocasión da próxima edición deste documento. Esta experiencia servirá, así mesmo, para reorientar, no seu caso os criterios cos que se formula este primeiro intento, e como base para efectuar unha planificación a un maior prazo.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

As maiores dispoñibilidades orzamentarias permitirán afrontar este ano o plantexamento previsto para o pasado ano, que non foi finalmente desenvolto, fundamentalmente, por falta da dotación económica necesaria.

Así, as principais accións que se pretenden poñer en marcha no seguinte ano son as que se indican a continuación.

6.1 Aula de formación.

- Formación axustada a formatos tradicionais.

No vindeiro exercicio preténdese ofrecer unha acción formativa enfocada á área de secretaría, e outra á de intervención-tesourería. Tentarase que a duración sexa a suficiente para acadar a súa homologación por parte da EGAP, a efectos de puntuación nos baremos estatal e autonómico. O seu deseño terá lugar unha vez que a Escola Galega de Administración Pública faga pública a súa oferta formativa para o presente ano.

Está igualmente prevista a celebración dunha xornada sobre dereito concursal no primeiro trimestre do ano.

- O Patio do Colexio.

Recollendo unha proposta reiterada por moitos compañeiros ao longo destes anos, os asuntos que pola controversia que xeren así o aconsellen, e que polas súas características o permitan, serán abordados en reunións de carácter aberto a celebrar na sede colexial, nas que os asistentes poidan compartir as súas

impresións sobre a materia en cuestión, na busca de criterios de actuación conxunta que faciliten o traballo diario.

As accións contarán cun -ou varios- moderadores, que ordenarán o debate e buscarán a creación dun ambiente distendido que fomente a participación, fuxindo do formato habitual das ás accións formativas ao uso.

A participación en todas estas actividades será libre para os colexiados de Cosital de A Coruña, e se estudará a posibilidade de acadar acordos con outros Colexios, de xeito que poidan acceder ás mesmas compañeiros integrados nos restantes Cosital, a condición de reciprocidade.

6.2 Cumprimento da normativa reguladora en materia de protección de datos.

De acordo co previsto, no exercicio 2015 contratáronse os servizos dunha empresa especializada (IGLEVA SL) o que permitiu a implantación dun sistema de protección de datos e inscrición de ficheiros na AEPD, ao tenor da Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, principalmente).

Os ficheiros inscritos foron os seguintes:

- Nóminas, persoal e recursos humanos.
- Colexiados.
- Usuarios da páxina web.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2015

6.3 Reformas na sede colexial.

No exercicio 2014 foron retomadas as actuacións de mellora da sede do Colexio emprendidas o pasado ano, e que son continuación das acometidas na segunda metade da década anterior.

Estas actuacións teñen un dobre obxectivo: efectuar reparacións moi necesarias de carácter -poderíase dicir- “estrutural” e, de xeito simultáneo, actualizar o aspecto da sede, reforzando a vertente representativa que sen dúbida corresponde tamén desempeñar ás instalacións.

Así, entre as actuacións dos últimos anos cabe destacar as seguintes:

- Exercicio 2007 Renovación integral dos pavimentos da sede.
- Exercicio 2013.- Renovación integral da instalación eléctrica.
- Exercicio 2014.- Cambio das ventás e da porta de acceso á terraza, emprazadas todas elas no salón de actos.
- Exercicio 2015.- Remate no cambio das ventás (zona administrativa e despacho da presidencia), substitución integral das cortinas por estores, e pintado da parede exterior do salón (cuxo custe foi parcialmente asumido parcialmente pola Comunidade de Vecinos).

Todas e cada unha das obras desenvoltas nos últimos anos foron posibles grazas á colaboración financeira da Deputación Provincial de A Coruña, no marco das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades para investimentos de promoción económica de cada un dos exercicios sinalados.

No 2016 acometeranse melloras tanto no salón de actos e no hall de entrada do Colexio. Estase a efectuar igualmente un estudo enerxético da sede, ca intención principal de acadar unha mellora tanto da calidade da iluminación, como da eficiencia dos equipos instalados.

6.4 Enquisa de satisfacción.

No segundo semestre do 2015 está previsto a confección e remisión aos colexiados dunha enquisa de satisfacción, a fin de coñecer o parecer do colectivo acerca da marcha do Colexio.

En función da participación acadada, estudarase a posta en marcha doutras accións similares.

6.5.- Renovación da páxina web.

Se ben o Cosital de A Coruña foi unha das primeiras organizacións colexiais en dispoñer de páxina web propia, o certo é que a día de hoxe non está a constituír unha ferramenta útil para o cumprimento dos fins para os que foi concebida.

Por iso, no primeiro semestre do exercicio 2016 estudarase a posibilidade de substituír a páxina actual por unha nova, que con toda probabilidade se adaptará ao formato implantado por outros Cosital e Galicia e de España.



7.PUBLICIDADE DA MEMORIA.

En cumprimento da normativa citada ao longo deste documento, a presente Memoria Anual, aprobada pola Asemblea, deberá facerse pública a través da páxina web do Colexio no primeiro semestre de cada ano.

Igualmente, o Colexio facilitará ao Consejo General a información precisa para que este elabore a Memoria Anual do conxunto do colectivo. Remitirase a tal efecto esta Memoria, sen prexuízo da información adicional que puidera serlle requirida.

En A Coruña, decembro de 2015.

O presidente de Cosital Coruña.

José Antonio Rueda de Valenzuela.